


## **Grupo Municipal Mixto (BNG-AA)**

Por orde da alcaldía, transmito ao seu Grupo Municipal as respostas ás preguntas formuladas por vostedes no último Pleno Ordinario.

A Coruña, 11 de xuño de 2018

O Secretario Xeral do Pleno

D. Manuel José Díaz Sánchez



## **5. 15079 – Respecto das actuacións realizadas derivadas do Foro Movémonos.**

1. Cantas desas 10 liñas de actuación puxo en marcha o Goberno municipal desde o 3 de abril de 2017 a data de hoxe?

O Concello traballa en todas e cada unha desas liñas de actuación, que son eixos principais para o cambio de modelo de mobilidade, con maior ou menor éxito ou repercusión.

2. Podería o goberno local detallalas, indicando concretamente en que lugares, en que período de tempo e a cantas persoas ten afectado directamente estas medidas?

As políticas de mobilidade teñen un impacto en toda a poboación da cidade, sexan ou non partícipes en primeiro grao dos cambios.

3. Nese foro tamén o alcalde fixo referencia a "potencial posta en servizo do transporte de proximidade de San Diego" podería sinalar o Executivo que medidas concretas ten tomado para a posta dese servizo en San Diego?

O traballo deste goberno municipal pola recuperación dos peiraos do porto para o servizo á cidade está fora de toda dúbida, dentro dese ámbito de afección están as propias instalacións de ferrocarril de San Diego.

4. Do mesmo xeito, tamén nesa xornada o Sr Xulio Ferreiro fixo a proposta de acadar, a través do consenso, "dun pacto de cidade pola Mobilidade Sostible. Que medidas ten tomado este Goberno municipal para acadar ese pacto? Con quen se ten posto en contacto para acadalo? Con que proxectos e formulacións? Remitida cando?

A busca do consenso político, coma ben sabe a representación política do BNG pois estivo presente nas negociacións, non foi posible polo negativa de dous partidos da oposición.

A Coruña, 11 de xuño de 2018



Xulio Ferreiro Baamonde